2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. CÁNDIDA DAPORTA PADÍN**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Vicente Risco, nº 15, no Concello de Cambados, para levar a cabo as obras de "**Incremento da altura dun muro de peche de 25 ml en pedra granítica**", no lugar de Barroso, nº 27, na parroquia de Sisán e de acordo co informe do técnico municipal.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Expdt. 016/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. ROSARIO NUÑEZ SILVA**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Mimosas nº 2 – 3ºF, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para levar a cabo as obras para "**Retellar cuberta, peche de finca e construción de garaxe**", no lugar de Mamuela, nº 7, na parroquia de Ribadumia, Ref. Catastr. 9774402NH1097S.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

"1. Obras solicitadas

- *Retellar cuberta en edificación existente con unha superficie aproximada de 130 m2.*
- *Construcción de garaxe de unha superficie aproximada de 62 m2.*
- *Construcción de muro de peche de finca en pedra, con unha lonxitude de 47 m2 por 2 m. de altura.*

2. Documentación aportada

- *Proxecto de cambio de cuberta en edificación existente e obras varias na parcela, redactado pola arquitecta técnica Dona Fuensanta Barcala Martínez, colexiada nº 779, con visado colexial de fecha 26/01/2017.*
- *Achega xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras que ascende á cifra de 16.247.90 euros.*
- *Oficio de dirección da execución das obras de Dona Fuensanta Barcala.*

3. Situación urbanística

*A parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, como **SOLO DE NUCLEO RURAL (SNR)** e conta con todos os servizos urbanísticos que sinala o art. 17.1 da Lei do Solo de Galicia.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro na súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non conten co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "**Ó solo incluído nos ámbitos dos núcleos rurais,...**, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo (PXOM vixente), salvo no que se refire as edificacións tradicionais existentes".*

O núcleo rural de Mamuela regúlase segundo o Plan Especial de Mellora do Núcleo redactado polo Concello e aprobado definitivamente, que esablece las aliñeacións e condicións de situación das edificacións.

Non achega licenza de construción dá edificación, non obstante no Catastro consta que foi construída no ano 1.947, e nos arquivos do concello non consta expediente de infracción urbanística a nome do titular e sobre a leira. Estamos ante o caso dunha edificación tradicional segundo o criterio establecido no artigo 40 da Lei.

Artículo 40. Edificaciones existentes de carácter tradicional



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Las edificaciones tradicionales existentes en cualquier categoría de suelo de núcleo o de suelo rústico podrán ser destinadas a usos residenciales, terciarios o productivos, a actividades turísticas o artesanales y a pequeños talleres y equipamientos.

*Previa obtención del título habilitante municipal de naturaleza urbanística, y sin necesidad de cumplir los parámetros urbanísticos de aplicación salvo el límite de altura, **se permitirá su rehabilitación y reconstrucción y, por razones justificadas, su ampliación incluso en volumen independiente, sin superar el 50 % del volumen originario de la edificación tradicional.***

En cualquier caso, habrán de mantenerse las características esenciales del edificio, del lugar y de su tipología originaria.

A los efectos de lo previsto en este artículo, se considerarán edificaciones tradicionales aquellas existentes con anterioridad a la entrada en vigor de la Ley 19/1975, de 2 de mayo, de reforma de la Ley sobre el régimen del suelo y ordenación urbana.

A edificación existente atópase na aliñación do PEMNR antes citado, e a parcela ten unha superficie bruta de 685 m² (neta de 625 m²), superior á mínima esixible.

3. Características das obras

3.1 Edificación existente

As obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa cualificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, sen aumento de volumen e mantendo a estrutura actual da edificación.

O expediente cumpre con o Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Ten una superficie total construída de 175 m², una altura máxima de 5.40 m. con pendente de cuberta inferior a 30°. Ocupa una superficie de 80.36 m² sobre la parcela.

3.2 Edificación auxiliar – garaxe

A obra proxectada guarda a aliñación do PEMNR e configúrase adosada tanto a edificación principal como a parede cega da propiedade colindante. Ten unha superficie construída de 60.50 m², e útil de 59.10. A altura de 3.40 é inferior á máxima (4 m.) e os materiais para utilizar están en coherencia cos da edificación principal e coas da contorna.

3.3 Peche de finca

El cierre de la finca se proxecta en pedra, con una altura sobre rasante de 2 m., a base de costeiros hincados en el terreno un metro y hormigonado de la zanja.

Se proxecta sobre la alineación que establece el Plan Especial de Mellora del Núcleo de Mamuela.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Polas características dos traballos, dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, o proxecto dispón de Estudo básico de seguridade, pero non consta o nombramento de Coordinador de Seguridade. O proxecto fai referencia ao cumprimento do R.D. 604/06 respecto da obrigaón da promotora do nombramento dos Recursos Preventivos.

*Que polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión dá licenza solicitada.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, de 9 de Febreiro, a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dá súa concesión e se non rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística a **DNA. ROSARIO NUÑEZ SILVA**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Mimosas nº 2 – 3ºF, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Retellar cuberta, peche de finca e construción de garaxe”**, no lugar de Mamuela, nº 7, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 017/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. ROSA VIEITES RIBADOMAR**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Barrantiños nº 4, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para levar a cabo as obras de **“Peche parcial de finca”**, no lugar de Vaqueres, na parroquia de Ribadumia, Ref. Catastr. 36046C502002060000HM.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

“1. Obras solicitadas e documentación adxunta

Peche parcial de leira con muro de pedra nunha lonxitude de 57.00 metros lineais e 1.50 de altura, no frente da finca a o vial, segundo indicase no plano catastral.

Así mesmo achega xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras, por importe de 68.40 euros.

2. Situación urbanística

A parcela onde preténdense levar a cabo as obras, están clasificadas como SÓLO RÚSTICO COMÚN polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

definitivamente ou 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativas:

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.d) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais aplicaráselle integramente o disposto na Lei para o Solo Rústico".

O artigo 39.c da nova Lei establece que os peches de fábrica non podrán exceder de 1.50 m. de altura, debendo adaptarse ao medio no que se atopan.

Respecto da aliñación nada cita a Lei, polo que estaremos ao dictado do PXOM de Ribadumia que no artigo 214 regula este tipo de construcións.

Artigo 214.- Peches provisionais e definitivos.

2.- Os pechamentos definitivos das fincas que se realicen nesta clase de solo resolveranse con obra de fábrica en solucións tradicionais da zona.

A altura máxima será a que dicta a Lei (por sere de rango superior ao PXOM) e pode ser completada con pantallas vexetais ou proteccións diáfanas (tea metálica ou celosías) ata unha altura máxima de 2,50m.

Estes pechamentos situaranse a unha distancia mínima de seis 5 metros do eixo do camiño, en pistas principais de parcelaria, como é o caso, cun mínimo de 2,50m ó borde exterior da capa de rodadura da vía.

3.- En ningún caso, os pechamentos poderán interromper o curso natural das augas nin favorece-la erosión ou arrastre de terras.

4.- Os pechamentos realizados con vexetación ornamental terán que realizarse de acordo co establecido no artigo 61 da LSG, desprazándose polo menos unha distancia de 6m ó eixo da vía pública a que dean fronte si é pista principal de parcelaria e de 4 no resto.

Por tanto, o peche da finca situarase retranqueado 5 metros do eixo da vía pública á que dá fronte, con unha altura máxima de 1,50 para a fábrica de pedra.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

Polo exposto emítese INFORME FAVORABLE para a concesión da licenza solicitada.

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, de 9 de Febreiro, a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses da súa concesión e se non



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística a **DNA. ROSA VIEITES RIBADOMAR**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Barrantiños nº 4, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de "**Peche parcial de finca**", no lugar de Vaqueres, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 018/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. EDELMIRO SERANTES BARRAL**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Bouza nº 17, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para levar a cabo as obras de "**Construcción de anexos a edificación existente para almacén e garaxe de maquinaria agrícola**", no lugar de Bouza, s/n, na parroquia de Ribadumia, Ref. Catastr. 36046D504005580000PU.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

"1. DOCUMENTACION ACHEGADA O EXPEDIENTE

A documentación existente no expediente é a seguinte:

- Solicitud de licenza das obras realizada a nome de D. EDELMIRO SERANTES BARRAL e recollidas no Proxecto Básico e de Execución para galpón agrícola, redactado pola Arquitecta Técnica Dona Fuensanta Barcala Martínez (R.E. nº 417 de 13/02/2017)*
- Xustificante do ingreso de 525.34 euros polo concepto de I.C.I.O., de data 13/02/2017.*
- Fotocopia carnet de Viticultor do peticionario co número 00000095.*
- Fotocopia da Ficha de explotación vitícola provincial a nome do peticionario emitida o 13/02/2017 a nome do peticionario.*
- Proxecto de execución de locais anexos a edificación existente para almacén e garaxe de maquinaria agrícola redcatado pola arquitecta técnica Dona Fuensanta Barcala Martínez, colexiada nº 779.*
- Oficio de dirección da execución da obra suscrito pola mesma arquitecta técnica.*

2. DESCRIPCION DAS OBRAS

Trátase de dúas edificación adosadas á existente de 74.90 m2 de superficie construída. A que denomina Anexo 1 ten unha superficie construída de 67.05 m2 e unha altura de cornisa de 2.53 m.; e a que denomina Anexo 2 conta con 132.10 m2 de



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

superficie construída e una altura de cornisa de 2.76m. Ambas edificacións destinanse ao uso de almacén e garaxe.

3. SITUACION URBANISTICA

Condicións e xustificación urbanística

A parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada en el P.X.O.M. como SOLO RUSTICO COMÚN (SRC).

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.d) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído no ámbito do Solo Rústico,..., aplicaráselle o disposto na Lei", la cual regula este tipo de Suelo en la Sección 4ª, artículos 31 al 40.

- Art. 35 regula os Usos e actividades en SR enunciando no apartado g) como admisibles as construcións e instalacións agrícolas en xeral tales como as destinadas ao apoio de explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros. No expediente se xustifica a existencia dunha explotación vitícola sobre a leira e outras ubicadas nas leiras colindantes da parroquia de Ribadumia.*

- Artigo 39, para obter o título habilitante municipal, esixe a xustificación dos extremos seguintes:*

a) Garantir o acceso rodado de uso público, o abastecemento de auga, a evacuación e tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcadoiros suficientes.

No apartado 1.2 da Memoria Urbanística xustifícase a dotación dos servizos urbanísticos que describe o apartado a) do Art. 39 da Lei.

O proxecto no afecta as aliñeacións de vía pública e retranquease dela un mínimo de 29 m.estabécese unha cesión de 56 m2 para viari

b) As condicións da edificación, características tipolóxicas, estéticas, construtivas, materiais, cores e acabados serán acordes á paisaxe rural e o volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes con unha altura máxima de cornixa de 7 metros.

As edificacións son de planta baixa cunha altura de cornixa de 2.53 e 2.76 m., inferior á máxima autorizada e as características tipolóxicas, volume e materiais de fachada poden considerarse acordes coa paisaxe rural. O material proposto para a cuberta e tella cerámica curva, tipo país, de acordo coas condicións do PXOM.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

c) *Cumprir as condicións de posición e implantación nunha parcela mínima de 2.000 m², unha ocupación máxima do 20% da superficie da leira, situando o edificio no lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía e un retranqueo mínimo a linderos de 5m.*

O proxecto cumpre coas condicións de parcela mínima, porcentaxe de ocupación da mesma e retranqueos a linderos.

d) *Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas polo título habilitante municipal.*

4.- CONCLUSIÓNS

*Polo exposto, por cumprir coas condicións que establece a Lei do Solo de Galicia e o PXOM de Ribadumia, emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión da autorización municipal”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **D. EDELMIRO SERANTES BARRAL**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Bouza nº 17, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Construción de anexos a edificación existente para almacén e garaxe de maquinaria agrícola”**, no lugar de Bouza, s/n, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

3º.1- LICENCIAS DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.- Sométese á consideración da Xunta de Goberno as solicitudes de Cambio de titularidade e Licencias de funcionamento e apertura que se relacionan a continuación, concedéndose as devanditas licencias, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

3º.1.1.- LICENCIA DE FUNCIONAMENTO DE “EXPOSICIÓN E VENTA DE MAQUINARIA AGROFORESTAL”.

Expdt. AC02/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JACOBO NÚÑEZ GRAÑA**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Bandeira nº 4, na parroquia de San Martiño, no Concello de Meis, pola que solicita informe favorable para a **“Licencia de funcionamento da actividade de Exposición e Venta de Maquinaria Agroforestal”** na edificación sita no lugar de Piñeirón, nº 9,



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

parroquia de Leiro, no Concello de Ribadumia con Ref. Catast. 0888110NH2008N0001WF.

Visto o informe emitido polo Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta que "*Que se solicita licenza de funcionamento para actividade de **EXPOSICIÓN E VENDA DE MAQUINERÍA AGROFORESTAL**, segundo establece o art. 345 ao 347 do PXOM de (Ribadumia), construído ao amparo da licenza núm. **42/15**, da comisión de goberno do 21/05/15.*

Que se presenta para a licenza de funcionamento e apertura:

- *Solicitud de visita de comprobación.*
- *Certificado final de obra do director de obra o asinada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Juan Luis Rodríguez Somoza, colexiado 887 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.*
- *Planos do estado definitivo e memoria xustificativa dos cambios producidos nas instalacións que non afectan as condicións da licenza.*

Que o día 08 de febreiro de 2.017 fixen visita de comprobación coa finalidade de verificar que a edificación se corresponde coa que se aporta a comunicación previa de inicio de actividade como EXPOSICIÓN E VENDA DE MAQUINERÍA AGROFORESTAL e que ven asinada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Juan Luis Rodríguez Somoza.

Na visita comprobei os seguintes feitos:

- *A distribución e dimensións do edificio coinciden coa que figura nos planos definitivos do proxecto do aportado no expediente polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Juan Luis Rodríguez Somoza.*
- *Que dispón das instalacións de protección contra incendios que figuran nos planos.*

*A obra executada e conforme co proxecto e licencias concedidas no seu día e son conformes coa ordenanza que o PXOM vixente e por tanto emito **INFORME FAVORABLE** para obter a licenza de **FUNCIONAMENTO** da actividade".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres, asistentes acorda: 1º.- **Conceder licenza de funcionamento á D. JACOBO NÚÑEZ GRAÑA**, autorizando a actividade de "**Exposición e venda de maquinaria agroforestal**" na edificación sita no lugar de Piñeirón, nº 9, parroquia de Leiro, no Concello de Ribadumia, de acordo co proxecto técnico presentado e segundo o informe técnico emitido, así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que deberá ser ingresada, previamente, nas arcas municipais, sin cuxo requisito a licenza non surtirá efecto algún.

3º.2- OUTRAS LICENCIAS.-



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

3º.2.1- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. CELESTINO NÚÑEZ PORTAS**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Espadeiro, nº 2, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia polo que solicita autorización para "**Ocupación de espazo público coa instalación de macetas na beirarrúa**", diante do local comercial sito na rúa Espadeiro, nº 2 baixo, na parroquia de Barrantes.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta o seguinte: *"O petionario solicita autorización municipal para a instalación de dúas macetas, de 0.80 x 0.80 m., sobre a beirarrúa situada na fronte do local onde exerce a súa profesión de decorador.*

O emprazamento permite un paso de 3.25 m. respecto da fachada do edificio, sepárase 3.20 m. da zona de aparcadoiro e 0.50 m. do bordo que forma a esquina en curva. Por outra banda retíranse uns 8 metros da esquina para non pertibar a visibilidade dos vehículos.

As macetas serán de materiais naturais ou análogos, e incluída a planta non poderán superar os 80 cm. de diámetro ou lado e 1,50 de altura e pola súa forma ou estrutura, tanto a maceta como o seu pé e a planta, non poderán constituír ningunha molestia ou perigo para os peóns e especialmente, ningunha barreira arquitectónica para persoas discapacitadas, polo que non terán ramas que sobresaian máis de 10 cm da vertical da maceta ou xardineira. Polo mesmo motivo, tampouco se permiten as macetas cuxa forma de copa dificulte a súa percepción cos bastóns, ou que algunha parte deles ou do seu pé sobresaia de forma perigosa. En todo caso cumpriranse as prescricións da normativa vixente en materia de barreiras arquitectónicas.

As macetas ou as xardineiras terán que ser de características sólidas, cunha base que asegure a súa estabilidade en caso de vento ou do contacto accidental dos peóns. O petionario será o responsable da limpeza e coidado da planta e a súa contorna, así como, dos danos que esta poida provocar en vehículos ou persoas en casos de esborralle ou envorco.

Polo exposto, a falta dunha ordenanza específica sobre as características deste tipo de instalacións, emito INFORME FAVORABLE sempre que se cumpran as condicións e normativa antes citada".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder autorización para "**Ocupación de espazo público coa instalación de macetas na beirarrúa**", diante do local comercial sito na rúa Espadeiro, nº 2 baixo, a favor de **D. CELESTINO NÚÑEZ PORTAS**, de acordo co informe do Arquitecto.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

4º.- OUTROS ASUNTOS.-

4.1.- AUTORIZACIÓN DE CAMBIO DE VEHÍCULO PARA A SÚA UTILIZACIÓN EN LICENCIA DE AUTOTURISMO.-

Dase conta da solicitude presentada por **D. JOSÉ FRANCISCO MARTINEZ OUBIÑA**, con D.N.I. 35.465.002-Z, na que expón que é titular dunha licencia municipal de Autoturismo outorgada en sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local con data 05 de decembro de 2007, e co fin de mellorar o servizo público que ven prestando, solicita autorización para substitución do vehículo, matrícula 3822-HSM, adicado ó servizo público de viaxeiros, por outro de nova adquisición, marca FORD, Modelo Tourneo Custom, matrícula 0527- JWT.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: Autorizar a **D. JOSÉ FRANCISCO MARTINEZ OUBIÑA**, titular da licencia municipal nº 4 de autoturismo, para adicar ó Servizo público de viaxeiros o turismo de nova adquisición **marca FORD- Modelo Tourneo Custom, matrícula 0527- JWT**, en substitución do que viña utilizando, e como renovación de material.

4º.2.- Devolución de aval á empresa "CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A (COVSA)" pola execución da obra de "Mellora da capa de rodadura Pontearnelas - Ribadumia".

Dase conta da solicitude formulada pola empresa **CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A (COVSA)** para que se proceda á devolución do aval depositado para responder da correcta execución da obra, denominada **"Mellora da capa de rodadura Pontearnelas - Ribadumia"**, adxudicada ó seu favor no ano 2015, cun importe do aval de **7.747,93 €**.

Visto o informe emitido polo Técnico Municipal no que consta *"Que presuposto de adxudicación da obra é de 187.500,00 € (Cento oitenta e sete mil cincocentos euros), imposto sobre o valor engadido incluído.*

Que obra no expediente ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS asinada por min como autor do proxecto e director das obras, e o representante da empresa construtora, Construcións Obras e Viais S.A. (COVSA), con data 30/04/2015.

Que transcorreu o tempo que estipula a lei, sen que haxa constancia de reclamacións ou defectos sobre os traballos contratados.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Que en visita de inspección non se observan deficiencias que poidan ser atribuíbles a unha deficiente execución.

*Que a criterio do técnico que subscribe, as obras poden ser recepcionadas para o uso público e por tanto procede liberar o **AVAL** suscrito polo contratista coa sociedade de garantía, CAJA DE SEGUROS REUNIDOS (CASER), por importe de **7.747,93 €**, (Sete mil setecentos corenta e sete euros co noventa e tres céntimos) con data 19 de Xaneiro de 2015".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda proceder á devolución do devandito aval.

5º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO MEDIO RURAL AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 29 DE DECEMBRO DE 2016

Vista a Resolución do 29 de decembro de 2016, da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural.

Vista o proxecto de solicitude elaborado, para a execución de "APARCADOIRO DA RUTA DA PEDRA E DA AUGA".

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º.- Solicitar subvención, ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, para o investimento que se indica:

Gasto de investimento

- **Denominación:** APARCADOIRO NA RUTA DA PEDRA E DA AUGA"
- **Orzamento Total:** 49.911,77 (IVE engadido)

2º.- Prestar aprobación ó proxecto presentado de "APARCADOIRO DA RUTA DA PEDRA E DA AUGA".



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

3º.- Acepta-las condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución de 29 de decembro de 2016, da Axencia Galega de Turismo, adquirindo o compromiso de afrontar-lo financiamento do importe de actividade que non resulte subvencionado ao abeiro de dita resolución, ata o importe total da execución.

4º.- Facer constar a plena disposición por parte do Concello de Ribadumia dos terreos ou predios onde se pretenden desenvolver as actuacións que comprende a solicitude.

5º.- Facer constar que o Concello de Ribadumia ten remitida a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2015 ao Consello de Contas de Galicia antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

6º.- Facer constar que o Concello de Ribadumia non ten concedida nin solicitada ningunha outra axuda ou subvención para este mesmo proxecto.

6º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL AO ABEIRO DA ORDE DO 30 DE DECEMBRO DE 2016.-

Vista a Orde do 30 de decembro de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña de concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Considerados os artigos 3.1.b.a), 4, 10, 15 e 20 desta Orde no que respecta ás solicitudes individuais de subvención.

Visto o proxecto redactado e memoria de solicitude elaborada, para "Rede de saneamento: Núcleo rural de Barral- Ribadumia".

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º.- Solicitar subvención, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2017, para a actuación que de seguido se indica:

Gasto de investimento



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

- **Denominación:** REDE DE SANEAMENTO: NÚCLEO RURAL DE BARRAL
- **Orzamento Total:** 39.966,41 €
- **Actuacións:** Canalización rede saneamento, instalación pozos rexistro, reposición firme, para dotación dunha rede de saneamento nun tramo que serve ó núcleo de Barral- Ribadumia para conducilo ata a rede existente na rúa Barral- Besomaño
- Importe de subvención solicitada (80%): 31.973,13 €
- **Achega Concello de Ribadumia (20%) :** 7.993,28 €

2º.- Acepta-las condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 30 de decembro de 2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, adquirindo o compromiso de afronta-lo financiamento da parte non subvencionada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con cargo aos seu Orzamento.

3º.- Facer constar a plena disposición por parte do Concello de Ribadumia dos terreos ou predios onde se pretenden desenvolver as actuacións que comprende a solicitude.

4º.- Facer constar que o Concello de Ribadumia ten remitida a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2015 ao Consello de Contas de Galicia antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

5º.- Facer constar que o Concello de Ribadumia non ten concedida nin solicitada ningunha outra axuda ou subvención para este mesmo proxecto.

7º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DE 30 DE DECEMBRO DE 2016 PARA A CREACIÓN OU MELLORA DE INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓN E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS.-

Vista a Orde do 30 de decembro de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convocan subvencións para a creación ou mellora de infraestructuras, dotación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais,

Visto que considérase necesario proceder á "Urbanización do entorno da Igrexa de San Andrés de Barrantes" a a tal fin se remitiron áo Arzobispado de Santiago



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

propostas de cesión de terreos, sendo aceptada a proposta de cesión por un período de 20 anos.

Visto o proxecto redactado e memoria de solicitude elaborada, para "Urbanización do entorno da Igrexa de San Andrés de Barrantes".

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º.- Solicitar subvención, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convocan subvencións para a creación ou mellora de infraestruturas, dotación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, para a actuación que de seguido se indica:

Gasto de investimento

- **Denominación:** "URBANIZACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE SAN ANDRÉS DE BARRANTES"
- **Orzamento Total:** 62.548,68 euros (IVE engadido)
- Importe de subvención solicitada (63,95%) : 40.000,00 €
- **Achega Concello de Ribadumia (20%) :** 22.548,68 €

2º.- Acepta-las condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 30 de decembro de 2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, adquirindo o compromiso de afronta-lo financiamento da parte non subvencionada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con cargo aos seu Orzamento.

3º.- Facer constar a plena disposición por parte do Concello de Ribadumia dos terreos ou predios onde se pretenden desenvolver as actuacións que comprende a solicitude.

4º.- Facer constar que o Concello de Ribadumia ten remitida a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2015 ao Consello de Contas de Galicia antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

5º.- Facer constar que o Concello de Ribadumia non ten concedida nin solicitada ningunha outra axuda ou subvención para este mesmo proxecto.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

8º.- XUSTIFICACIÓN DE AXUDA CONCEDIDA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS.-

Dase conta de que, subscribiuse coa Deputación Provincial de Pontevedra o "Convenio de colaboración para a Coordinación do cofinanciamento dos Servicios Sociais comunitarios municipais", polo que se concede a este Concello unha axuda para o Servicio de Axuda no Fogar básica; e para a "Contratación de persoal complementario á Traballadora Social", no caso deste Concello para os gastos salariais do Educador Familiar e auxiliar administrativo.

Vistas as contas xustificativas da realización de ditos módulos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a ditas Contas Xustificativas de:

- "Servicio de Axuda no Fogar básica", declarando que se prestou o servicio para o que foi concedida unha axuda pola Deputación Provincial, por importe de 16.613,56 € e se realizaron gastos por importe de 17.733,41 euros.

SEGUNDO.- Prestar aprobación a ditas Contas Xustificativas de:

- "Contratación de persoal complementario á Traballadora Social: Educador Familiar e auxiliar administrativo", declarando que se prestou o servicio para o que foi concedida unha axuda pola Deputación Provincial, por importe de 10.012,54 € e se realizaron gastos por un importe total de 39.732,28 euros, incluídos todos os costes salariais.

TERCEIRO.- Que os gastos que integran ditas contas son reais e se aplicaron á finalidade subvencionada.

CUARTO.- Declarar que a este Concello non lle foi concedido ningunha outra axuda para o mesmo fin.

9º.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN Ó PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS, CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

Vistas as Bases Reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servicios Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio de 2017, convocadas pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, no que se establece que ó Plan vai dirixido ó financiamento do servicio de axuda no fogar (SAF) básico e para a contratación de persoal técnico



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó da asistente social.

Tendo en conta os servizos que ven prestando este Concello e á vista dos módulos previstos nas devanditas bases, propónse a adhesión ó devandito Plan e a solicitude de axudas para os módulos de:

- Para gastos derivados da contratación dos profesionais dos servizos sociais comunitarios municipais distintos do perfil profesional do traballador social
- Para os gastos derivados do Servizo de axuda no fogar básico

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que se inclúen nela

2º.- Adherirse ó Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais da Deputación de Pontevedra para o ano 2017, de acordo coas bases establecidas na convocatoria e solicitando as cantidades reflectidas no "Proxecto descritivo dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais" que consta no expediente e se achega á solicitude, que constitúen un total de 29.296,63 euros.

3º.- Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e completar coas súas achegas económicas os módulos obxecto de financiamento.

4º.- Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e de facer constar sempre o financiamento da Deputación en todas as comunicacións coas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou por internet, comprometéndose a situar en lugar visible lo propio centro de Servizos Sociais comunitarios municipais un cartel informativo que faga constar o cofinanciamento da Deputación e a proporcionarlle ó persoal contratado para o servizo de axuda no fogar (sexa persoal propio ou por contratación de empresa) as tarxetas identificativas do servizo subvencionado.

5º.- Facultar ó Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do expediente correspondente

10º.- ACORDO DE ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO ÁMBITO DO PLAN GALEGO DE



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

REHABILITACIÓN, ALUGUER E MELLORA DO ACCESO Á VIVENDA 2015-2020.-

Dase conta do Convenio de asinado con data 3 de maio de 2016 entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Prestar aprobación á adhesión do Concello de Ribadumia ó devandito Convenio, implantnado o Programa de Vivendas Baleiras, comprometéndose a que o procedemento de incorporación, selección de arrendatarios, adxudicación de vivendas, comunicación de contratos, de rendas máximas e de garantías a outorgar polo IGVS realizárase nos termos e condicións establecidos no ctado convenio asinado entre o IGVS e a FEGAMP..

2º.- Establecer que o prezo máximo de renda do aluguer das vivendas incorporadas ao Programa non poderá ser superior a 350 €.

3º.- Aceptar tódolos termos do convenio, facultando expresamente ó Sr. Alcalde, tan ampliamente como sexa necesario para a sinatura do correspondente acordo de adhesión e demais trámites.

11º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2017.- LIÑA 3 DE EMPREGO.-

Vistas as Bases e convocatoria do plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio de 2017, publicadas no BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016, e as diferentes liñas de axudas a conceder.

Dado que a devandita convocatoria recolle, entre outras, as seguintes liñas de actuacións:

Liña 3.- Conservación e funcionamento de bens e servizos municipais

Tendo en conta que este Concello precisa contar con persoal para levar a cabo o mantemento e funcionamento de diversos servizos municipais, e vista a devandita convocatoria

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

PRIMEIRO.- Realizar a finalidade do obxecto da subvención denominada "Conservación e funcionamento de bens e servizos municipais 2017", asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso

SEGUNDO.- Solicitar para a súa realización unha subvención, por importe de 102.592, 13 euros, máximo establecido nas Bases da convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio de 2017, axuda que se destinará para a contratación dos seguintes traballadores:

- 1 animador sociocultural para o Fogar dos Maiores, por un período de 9 meses, e xornada de 25 horas/semanas.
- 1 Arquitecto, para a realización de traballos de inventariado, informes e proxecto no Servizo de Urbanismo, a xornada completa, por un período de 9 meses.
- 10 peóns de conservación e mantemento de servizos e instalación municipais, a 35 horas semanas, por un período de 9 meses.

TERCEIRO.- Colaborar no seu financiamento coa achega da contía de 44.028, 31 euros, sendo este órgano competente para comprometer esta achega.

CUARTO.- Acepta-las condicións que regula o devandito Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio de 2017, publicadas no B.O.P. Nº 249 de 30 de decembro de 2016.

12º.- PRESUPUESTO PARA ESTUDIO DE RENOVACIÓN COMPLETA DO ALUMEADO PÚBLICO DE RIBADUMIA E ELABORACIÓN DE MEMORIA PARA PRESENTAR A CONVOCATORIA DE AXUDAS DO IDAE.

Dase conta do orzamento presentado por **Coenef** (Antonio Capelo García), para a redacción de estudo de renovación completa do alumeado público de Ribadumia e elaboración de memoria para presentar a convocatoria de axudas do IDAE.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Prestar aprobación ao orzamento para o "**estudo de renovación completa do alumeado público de Ribadumia e elaboración de memoria para presentar a convocatoria de axudas do IDAE**" por importe de 2.650,00.-€ IVE non engadido (TOTAL: 3.206,50€).

13º.-CERTIFICACIÓN DA OBRA DE "DOTACIÓN DE SERVIZOS EN EDIFICIO ANEXO O PAVILLÓN DE RIBADUMIA"



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Vista a certificación de obra nº 2 da denominada "Dotación de servicios en edificio anexo o pavillón de Ribadumia" que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., por importe de cincuenta mil douscentos sesenta euros con dezanove céntimos (50.260,19 €), incluída no Plan de Obras e Servicios Provincial de 2015 (PPOS/15).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, ACORDA:

1º.- Prestar aprobación á certificación nº 2 da obra denominada "Dotación de servicios en edificio anexo o pavillón de Ribadumia", que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., segundo a Resolución de adxudicación por procedemento negociado dictada con data 30 de novembro de 2016, en base ó acordo adoptado polo Pleno con data 23/11/16.

2º.- Prestar aprobación á factura seguinte:

Nº e data	Empresa	Concepto	Importe
2170016 de 31/01/17	<i>COVSA Construcción, Obras e Viais, S.A.</i>	<i>Dotación de servicios en edificio anexo o pavillón de Ribadumia</i>	<i>50.260,19 €</i>

3º.- Prestar aprobación á acta de recepción da devandita obra asinada con data 31 de xaneiro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, dase por enterada da anterior Resolución, acordado, por unanimidade dos Sres. asistentes ratificar o seu contido.

14º.- PAGOS E FACTURAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda prestarlle aprobación ós seguintes pagos e facturas:

<i>TV Mancomunidade Salnés.- Emisión spot nadal Concello Ribadumia</i>	<i>1.028,50</i>
<i>ABS informática.- Mantemento ano 2017</i>	<i>2.811,85</i>
<i>SPL.- Gasóleo C Casa Cultura</i>	<i>1.211,95</i>
<i>Área comercial Pintos.- Material cabalgata de Reis</i>	<i>624,84</i>
<i>Añyt.- Servicios laborales mes</i>	<i>762,30</i>
<i>Antonio Capelo García.- Asesoramento xestión enerxía xaneiro 2017</i>	<i>530,00</i>
<i>Antonio Capelo García.- Asesoramento xestión enerxía decembro 2016</i>	<i>530,00</i>
<i>Jesús Mª Diéguez Pazos.- Asesoramento urbanismo obras xaneiro 2017</i>	<i>3.025,00</i>
<i>R.- Facturación telefonía xaneiro 2017</i>	<i>1.052,73</i>
<i>Barbatana.- Clases pilates xaneiro 2017</i>	<i>1.028,50</i>



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

<i>Meldosa.- Mantemento alumado público xaneiro 2017</i>	<i>3.170,81</i>
<i>SPL.- Gasóleo A almacén</i>	<i>3.078,00</i>
<i>Talleres Piñeiro.- Compra cortacésped</i>	<i>1.136,71</i>
<i>Espina y Delfín.- Liquidación xestión auga 2º semestre 2016</i>	<i>2.372,91</i>
<i>Sogama.- Tratamento RU xaneiro 2017</i>	<i>10.885,88</i>
<i>COVSA.- Certificación 2ª "dotación servizos edif. Anexo pavillón de Rabadumia"</i>	<i>50.260,19</i>
<i>Achega.- Servizo SAF libre</i>	<i>1.500,40</i>
<i>Achega.- Servizo SAF dependencia</i>	<i>11.411,29</i>
<i>Gas natural SUR SDG</i>	<i>735,57</i>
<i>Fundación Zerumuga.- Organización gala Fútbol feminino galego</i>	<i>3.025,00</i>
<i>Espina y Delfín.- Execución do pozo de rexistro pluviais en Leiro</i>	<i>803,55</i>
<i>S&P Abogados asociados.- Asesoramento legal rescisión contrato "Móvete con nos"</i>	<i>599,40</i>
<i>S&P Abogados asociados.- Asesoramento legal oposición marca "Festa viño tinto"</i>	<i>791,21</i>
<i>S&P Abogados asociados.- Asesoramento legal recurso "Conservas Cambados"</i>	<i>791,21</i>
<i>S&P Abogados asociados.- Asesoramento legal recurso "Rosa Fontenla"</i>	<i>791,21</i>
<i>S&P Abogados asociados.- Asesoramento legal mod.cond.traballo "Javier Saavedra"</i>	<i>791,21</i>

DILIXENCIA.- Que poño eu, Secretaria, para facer constar que neste intre abandona a sesión o Sr. Oubiña Lago, que non participa na deliberación nin na votación do seguinte acordo:

15º.- PRESUPOSTOS PARA A RENOVACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES NO CONCELLO DE RIBADUMIA.-

Visto o próximo vencemento do contrato de mantemento de ascensores en dependencias municipais (tanatorio e casa de cultura).

Visto que solicitáronse ofertas para a realización de ditos traballos e que constan no expediente presupostos presentados por tres empresas.

A Xunta de Goberno Local, por maioría de catro votos a favor e a abstención do Sr. Oubiña Lago, acorda aprobar o presuposto presentado pola mercantil ORONA, S. COOP., e, na súa consecuencia, adxudicar á dita empresa o servizo de mantemento dos ascensores de instalación municipais que se indican, por un período de TRES anos, e por un importe de:

- Ascensor Casa de Cultura: 74,96 €/mes, máis IVE



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

- Ascensor de Tanatorio: 41,00 €/mes, mais IVE

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as quince horas de todo o cual eu, como Secretaria, dou fe.-